

# PEÚGO, O CALCETÍN MELENUDO

*Jessica Rodríguez Piñeiro*

*Ilustrado por Victoria Rem*

**BAB/**  
**DIRU**






O meu nome é **PEÚGO**  
e son un calcetín melenudo.



Sirvo para queantar. Aínda que non a ves, a calor  
sobe polo corpo da cabeza aos pés. Vai ao revés.



Bébone a suor dos teus pés, por iso ás veces  
se sacas o calcetín parece que choveu nel.






Hai moitos tipos de calcetíns.

De cores, a raias, estampados, sen debuxo ou con lunares extravagantes.

Grandes e pequenos, iso dependerá do pé que teña a dona que nos leve de paseo.

Grosos para o frío inverno ou finos para a primavera.





De diferente lonxitude, algúns cobren o pé e outros tapan o xeonllo tamén.

Os hai de algodón coma min, de nailon ou de la.

Elásticos como a goma de mascar ou ríxidos como a barra que suxeita os bambáns.

Todos diferentes  
pero con algo en común...





Todos teñen parella ou compañeiro, unha igual a eles, que fai a mesma función. Todos menos un.

Todos menos **PEÚGO**, o calcetín melenudo. Que está só e vive como lle peta e se quere toca a trompeta.





E por que non teño parella?  
Pois porque alguén se encargou  
de apartala de min. Foi a miña  
confidente da habitación veciña,  
que se fartou de que sufrise,  
TRAGOUNA e agora **PEÚGO**, o  
calcetín melenudo, vive só e como lle  
peta e se quere toca a trompeta.

E quen é a miña  
confidente da  
habitación veciña?





A lavadora **RAMONA**, un aparello no que te meten cando cren que estás porco ou que cheiras a queixo con mofo.

Quéroa moito pero coas voltas que dá parece que vas tolear.







Despois cáechete auga e comezas a pesa. Ao rematar cólgante como un pendente na orella con algo que manca e aperta.

Cando estás seco recóllente e colócate coa túa parella.  
Con esa que é igual a ti aínda que ti non queiras.



PERO... a miña non aparecía eu xa sabía a sorte que  
tiña; o tragara a miña confidente da habitación veciña.

Son **PEÚGO**, un calcetín melenudo, estou só e  
vivo como me peta e se quero toco a trompeta.








Agora que non tiña parella me notaba raro, mireime e tiña un furado. Ás veces, sentes que che fan dano, primeiro pequenos empurróns e despois grandes pisadas que fan que rompas en anacos.

Se ninguén se encarga de arranxalo, o furado medra e podes chegar a desaparecer, pero iso non podía acontecer.





**PEÚGO**, o calcetín melenudo que vive só e como lle peta deu cunha solución...

...Un calcetín desparello e cun furado non serve para nada, ou si?

Con ollos e nariz en monicreque pódennme converter.


Cun bo remendo podo volver ao caixón do roupeiro.

Se me atas a outros, unha gran corda para saltar poderías fabricar.

Como trapo de limpeza ou como xogete de can tampouco estaría mal.



A miña sorte foi atopar  
unha dona creativa que  
me soubo sacar partido,  
e emparellar cun distinto,  
xa que sempre hai un  
roto para un descosido.



Agora non estou só, somos  
dúas desparellas, teño  
alguén que me respecta e  
vivimos como nos peta.



Se me ves por aí, son **PEÚGO**, un calcetín  
melenudo, desparello e cun furado, date por saudado.

